



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas Democracia e relixión

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	10
ADMINISTRACIÓN:	CIDADANÍA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2008
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Baixo o rótulo de Democracia e relixión, este programa afronta un dos maiores, e máis constantes, problemas das sociedades, e que é o que se deriva da existencia histórica de dúas concepcións do mundo en torno á organización do goberno da Comunidade Política, e que pugnan por conseguir o poder nesta. A concepción democrática afirmará que ao ser a Comunidade unha obra terreal e temporal debida aos homes, o seu goberno ha de corresponder a unha autoridade tamén temporal e terreal, e, en consecuencia, elevará ao Pobo á condición de único suxeito lexitimado para decidir os modos e as formas en que a Comunidade Política democrática ha de ser gobernada no futuro. Pola súa parte, a concepción relixiosa do mundo, fundamentada na natureza sacra da vida pública e partindo da negación da capacidade do home para decidir libremente sobre un destino que foi marcado pola divindade, reivindicará para as súas respectivas xerarquías o poder absoluto na Comunidade Política, e non só no que se refire á vida espiritual dos homes, senón tamén respecto das cuestións temporais e terrealis. Esta situación xerará un enfrontamento político e existencial que, non afectando para nada á liberdade de conciencia e de culto individual, se concretará nunha loita polo poder entre as autoridades democráticas do Estado, que han de legislar para todos os seus cidadáns con independencia das súas crenzas relixiosas, e as diversas organizacións relixiosas, desexosas de impoñer os seus credos privativos a todos. O reto do Estado, dende o mesmo momento do seu nacemento ata os nosos días, e moito máis cando este é democrático, consistirá en superar este conflito mediante unha organización xurídica e política da sociedade na que, respectando as crenzas individuais e privadas de todos, o seu goberno responda á vontade, terreal e temporal, dos seus cidadáns. Ao estudo desta problemática está destinado este curso, no que diversos especialistas encadrarán as relacións entre Democracia e relixión no contexto da Constitución española de 1978.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración pública e interesados en xeral.

PROGRAMA

- A laicidade na Constitución Española
- O tratamento xurídico-político do factor relixioso na España actual: os acordos Igrexa-Estado
- O financiamento da Igrexa Católica e as demais relixións
- Formación cívica e fe católica; a educación para a cidadanía
- Evolución do concepto de familia; novas formas de matrimonio e adopción
- Nacemento e morte: lei e moral ante o aborto e a eutanasia

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Aforo do local

3. DATOS EDICIÓN**SANTIAGO****LOCALIDADE:** Santiago de Compostela**INICIO / FIN:** 09/04/2008 a 10/04/2008**NUM. PRAZAS:** 200**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

JAVIER RUIPÉREZ ALAMILLO

GUSTAVO SUAREZ PERTIERRA

JOSÉ ISMAEL VELO PENSADO

DANIEL PLA TORMO

JUAN RAMÓN FERREIRO GALGUERA

JOSÉ LUIS BARREIRO RIVAS

JOSÉ PEREZ IRUELA

DIONISIO LLAMAZARES FERNÁNDEZ

BEGOÑA ALDÁMIZ-ECHEVARRÍA IRAÚRGUI

JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO

ENRIQUE MARÍA ORTS BERENGUER

FRANCISCO DE PAULA BLASCO GASCÓ

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

FERNANDO GIMENEZ BARRIOCANAL

ALEJANDRO TORRES GUTIERREZ

ABRAHAM BARREIRO ORTEGA